

Conferencia:

LEIS E RECURSOS AUTONÓMICOS E ESTATAIS

M^a Carmen Díaz Simón, orientadora do IES Lucus Augusti de Lugo

Mestra e pedagoga. Exerceu como mestra durante a meirande parte do seu traballo docente en todos os niveis educativos e tamén en escolas rurais e grupos escolares.

Asesora técnica-pedagóxica de educación primaria no antigo CEFOCOP de Lugo de 1992 a 1998. No 1997 accede mediante oposición ao corpo de ensino secundario, pola especialidade de psicoloxía e pedagogía, desenvolvendo o seu traballo no IES Basanta Silva de Vilalba e no actual centro.

Participou en seminarios permanentes, proxectos de formación en centros, grupos de traballo, cursos e xornadas tanto como membro como relatora.

Membro do consello de redacción da Revista Galega de Educación e tertuliana local da Cadena Ser. Colabora con movementos locais en temas de igualdade.

O nomear as Leis e recursos nun Foro pola Igualdade non é intranscendente nin casual. Como di Alicia Miyares (Democracia feminista, Cátedra, 2003): "Para remover o entramado normativo da ideoloxía patriarcal, para afrontar a causa da xustiza social e sexual son necesarias leis".

Se todo estivera ben, non se precisarían. Só se legisla para protexer un colectivo en risco, vulnerable, en desvantaxe, etc. No caso das mulleres, representamos media sociedade.

E é moi importante que se legisle para encetar o camiño de deixar de ser vítimas e camiñar cara a igualdade.

Que entendemos por ela?. Pois reconecer á outra persoa como igual, con dereitos e non con concesións. Repousa na idea de suprimir a categoría sexo para explicar a sociedade. Esixe un cambio global de mulleres e homes, así como das súas relacións. Dado o asentamento fondo de crenzas sexistas, se non se contara con leis favorecedoras do cambio pola igualdade, a espera sería interminable.

As propias resistencias a aceptar a introdución de políticas de igualdade, baséanse na ideoloxía patriarcal. A aceptación de novos modelos de familias, de roles sociais, etc., pasa por reorientar ámbitos cruciais na formación das persoas: o lecer, o deporte, os medios de comunicación, a linguaxe, e en definitiva, a educación.

A inclusión dos temas de igualdade a nivel educativo, servirá para, non reproducir as desigualdades por razón de sexo, tratando de:

- Incluir a perspectiva de xénero no currículo.
- Favorecer a construción dunha identidade non sexista contraria á violencia.
- Integrar a loita contra o sexismo e a violencia dentro da defensa dos dereitos humanos.

O coñecemento e a análise da situación lexislativa e de recursos actuais, é un instrumento básico para a formación en igualdade do persoal docente, sendo este o principal axente de cambio nunha escola coeducativa. Por isto, parécenos interesante retomar:

⇒ *A función pedagóxica da lexislación*, sendo un obxecto de estudo en si mesma, e un instrumento en mans do estamento profesional docente, xa que contén os termos conceptuais precisos, anticipando medidas e estratexias, posibilitando avances, etc.

Non abonda con que o Estado teña normas antidiscriminatorias, xa que ningunha lei por si soa é capaz de arranxar os problemas, pero si é a base sobre a que as persoas poden achegar ideas, debatelas e implantar posibles solucións.

A igualdade de trato entre mulleres e homes é un principio xurídico fundamental de todas as sociedades democráticas e, neste sentido, está recoñecido nos textos internacionais de dereitos humanos, nos textos comunitarios e, no dereito interno, no artigo 14 da Constitución española.

Hai un longo percorrido ata hoxe, que tamén ten a súa importancia, para termos unha visión máis precisa do acadado e tamén para tomar perspectiva cara o futuro que entre todos e todas temos por facer.

1.- **Contexto mundial:** A intervención das Nacións Unidas iníciase coa Carta sobre Dereitos Humanos:

Art. 1 Todos os seres humanos nacen libres e iguais.

Art. 2 1. Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción de raza, color, sexo, etc.

Despois da II Guerra Mundial, empezouse coa preocupación por reformar os textos legais e vanse pactando as regras de xogo. En 1946 continúa coa creación da Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller, pero é sobre todo a partir de 1972 cando asume un papel activo neste sentido, ao recibir a proposta dunha organización finlandesa para declarar un ano internacional da muller que se concreta en 1975. Paralelamente a nivel internacional, as Nacións Unidas convocan Encontros Internacionais de Mulleres, e destina o Decenio para a mellora e afondamento nos dereitos da muller, con medidas temporais positivas. A *Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller*, CEDAW, aprobada pola ONU en 1979, e ratificada por España en 1983, recolle os **dereitos das mulleres**.

A inclusión dos aspectos de xénero na axenda do desenvolvemento, na cooperación internacional e nos dereitos humanos, supuxo un grande avance ao considerar a igualdade entre home e muller como obxectivo e estratexia de desenvolvemento.

Simone de Beauvoir foi a principal precursora do concepto de xénero cando no seu libro *El segundo sexo (1.949)*, afirma: “*A muller non nace, faise*”. Tal e como se concibe hoxe o termo, foi proposto por **Kate Millet** nos anos setenta, *opoñendo historia á inmutabilidade e cultura á natureza*.

A equidade de xénero considérase un dereito humano fundamental e baixo este enfoque é recollido na práctica do desenvolvemento, no dereito e na política internacional: **CEDAW e Conferencia de Pekín no 1.995**, con bastantes resistencias.

A dirección de avance pasa por afondar na complementariedade dos instrumentos de igualdade de xénero con fundamento nos dereitos humanos e os **Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) de 2005**.

A igualdade de xénero é unha cuestión de dereitos humanos e o desenvolvemento tamén é unha cuestión de dereitos humanos, logo a igualdade de xénero é unha cuestión de desenvolvemento, e como tal entrou a formar parte dos Obxectivos do Milenio. A igualdade de xénero está na axenda do desenvolvemento, despois de moitos esforzos para logralo.

En todos os foros se trata de introducir esta perspectiva, atopando argumentos para elo a pouco que se desagreguen os parámetros de desenvolvemento, en función do xénero:

Áreas	Desequilibrios
1.POBREZA	+ mulleres. De cada 10 persoas, 7 son M.

2. EDUCACIÓN	Produciuse avance na educación superior, pero non se reflicte na inserción laboral. Nos países menos desenvolto, teñen que traballar. O 75% do analfabetismo é M.
3. SAÚDE	Non se identifican problemas específicos das M. Non se avanza na investigación. Existen moitos embarazos prematuros e o aborto en precario.
4. SIDA	Avanza máis nas M, un 47% son M infectadas. Na África subsahariana: 9 de cada 12 persoas son M.
5. VIOLENCIA	Física, sexual e psicolóxica. Non se incorporou á axenda de xénero ata 1993, 129 países adoptaron medidas.
6. TRATA	Adoptáronse medidas, pero aínda hai que insistir.
7. PODER	En 1995, había 12 M xefas de Estado e 11% parlamentarias. Hoxe descenderon as primeiras e aumentaron un pouco as segundas.
8. ECONOMÍA	Fixéronse progresos na independencia económica, acceso á propiedade, apoio ás empresarias...Queda moito por facer no campo da conciliación do traballo e a vida familiar.

En 1995, na IV Conferencia de Pekín (Beijing), concréntanse as dúas estratexias máis representativas para o impulso da igualdade: o **empoderamento** e o **mainstreaming** de xénero, ou **transversalidade** como enfoque global de concienciación ao respecto. Son instrumentos de creación de condicións, espazos, prácticas organizativas e relacións de igualdade real entre mulleres e homes, sinalando o indispensable que é a incorporación da perspectiva de xénero na construción social. O obxectivo é un novo Pacto Social entre H+M.

De 1995 ao 2000 desenvólvese o IV Plan de Igualdade de oportunidades da U.E., xirando arredor a dous eixes legais:

- A conciliación da vida familiar.
- A participación no ámbito das decisións do poder en termos de igualdade.

En resume:

Dende os anos 80 e co fin de combater a discriminación baseada no xénero créanse e noméanse:

- Organismos de xénero na UE
- Autoridades mais ou menos independentes.

Tamén en gobernos nacionais, rexionais e locais. En sindicatos e organizacións empresariais:

- Comisións e Comités específicos
- Consellos de seguimento.

- Axentes de igualdade
- Centros específicos de análise de xénero

Nas primeiras Directivas creábanse organismos de igualdade, máis ben como institucións simbólicas. A “paisaxe” das ONG (s), presenta aínda mais variedade que o anterior. O Lobby Europeo de Mulleres (LEM) é un espello desto último.

Todo isto contribuíu a:

- a) Visibilizar ás mulleres.
- b) Difundir novos enfoques.

Mais quedan temas pendentes como os dereitos sexuais e reprodutivos.

2.- A nivel estatal, a Constitución establece o principio de **igualdade** como valor superior do ordenamento xurídico, e como dereito fundamental a non discriminación por razón de sexo. Revisanse artigos do Código Civil, do Estatuto dos traballadores, etc.

En 1983 créase o Instituto da Muller con Plans de Acción.

Na lexislación anterior promulgáronse a Lei Parental e a Orde de Protección ás mulleres. Outras *medidas estatais do goberno central*, foron:

- ❖ Informe da Ponencia sobre da erradicación da violencia doméstica, constituída na Comisión Mixta dos Dereitos da Muller, aprobado na reunión do día 7 de novembro de 2002.
- ❖ Lei 30/2003, de 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.

Nesta lexislatura, ademais da paridade no goberno, prodúcense dous fitos cualitativamente importantes, tanto polo seu valor pedagóxico canto pola influencia real:

⇒ **Lei contra a Violencia de xénero** (Decembro de 2004): céntrase na prevención, a través da educación e a publicidade, créanse xulgados específicos de violencia de primeira instancia e instrución.

- ❖ Delegación Especial do Goberno contra da Violencia sobre da Muller.
- ❖ A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, crea o Observatorio Estatal de Violencia sobre da Muller, como órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

⇒ **Lei de Igualdade**, presentada o 3 de marzo de 2006, a desenvolver en catro anos e contempla reformas constitucionais. Nela fálase de corresponsabilidade entre H+M.

Traspasa as Directivas europeas de Igualdade, e afecta:

- ao mercado de traballo, para favorecer a corresponsabilidade no fogar.
- O outro eixo importante é o que afecta á presenza feminina nos foros con capacidade de decisión. Promoverase o ascenso de mulleres a postos superiores. Tamén se trata de estender a paridade aos gobernos autonómicos...
- Aos medios de comunicación, publicidade.

3.- A nivel autonómico: Existe o compromiso do desenvolvemento das obrigas establecidas no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía , na defensa da igualdade:

⇒ Así se creou o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do home e da muller. Catro plans de Igualdade de Oportunidades das mulleres galegas.

⇒ A Comisión para a igualdade e para os Dereitos das Mulleres, no Parlamento galego.

⇒ **Lei para a igualdade de mulleres e homes** na Comunidade Autónoma de Galicia, de xullo de 2004. co obxectivo de eliminar a discriminación de xénero.

A clarificación de termos como a **transversalidade**, a educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes, tamén nos medios de comunicación, a erradicación do uso sexista da linguaxe, do acoso sexual e moral, así como da violencia de xénero, o Plan integral de apoio á familia, a igualdade laboral, accións positivas de inserción laboral, no medio rural, a igualdade retributiva, a colaboración coas administracións locais, etc.

Esta lei establece un compromiso claro en aspectos claves como son: O da igualdade plena no ámbito laboral, a conciliación da vida familiar e laboral, o acoso sexual e moral no traballo, o respecto á imaxe da muller, a erradicación da violencia contra as mulleres.

NOVIDADES da Lei de Igualdade: Composición paritaria de tribunais examinadores. Promoción do exercicio de dereitos de conciliación. O permiso de paternidade . Actuacións especiais en casos de infrarrepresentación. Procedementos nos casos de acoso sexual e moral.

⇒ Dende a **Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría da Igualdade**, o devandito Servizo procura:

- Elaboración de Plans de Igualdade.
- Promoción de asociacionismo.
- Sensibilización: foro galego de educación para a igualdade, etc.
- Cooperación: programa experimental “Para unhas relacións de calidade, evitemos a desigualdade. combatamos a violencia”, xornada galega de nais e pais educando en igualdade, etc.
- Estudios e publicacións.
- Comunicación cos medios.
- Educación: proxecto relaciona.
- Formación: premios á innovación educativa.
- Emprego e creación de empresas.
- Atención e información.
- Documentación: **guía de recursos**
- Programas europeos.

4 -Outros recursos:

- Guías de recursos e centros de interese para mulleres. Publicacións.
- Organismos responsables de políticas de igualdade a distintas escalas.
- Organizacións non gobernamentais.
- Directorios de enlaces web pola igualdade e páxinas institucionais:
 - Instituto de la Mujer, MTAS <http://www.mtas.es/mujer>
 - Servizo Galego da Igualdade <http://www.xunta.es/auto/sgi/>
 - Revista nº 2: Feminismo e relacións internacionais: www.relacionesinternacionales.info
 - Ciberfeminismo:<http://www.nodo50.org/mujeresred/Internet-Ciberfeminismo.html>
 - COARTE, materiais educativos sobre xénero <http://pangea.org/edualter/material/mujer/>
 - Conectadas (<http://www.conectadas.com>)
 - Coordinación de Mujeres en red (<http://nodo50.org/mujeresred/>)
 - Directorio teóricas y pensadoras del género y situación por países (<http://www.cddc.vt.edu/feminism/indiv.html>)

Estudios on line sobre arte y mujer <http://estudiosonline.net>
Fundación Mujeres <http://fundacionmujeres.es>
Recursos para coeducar http://www.artefinal.com/mujeres_siglo-veintiuno/recur0.htm
Recursos educativos con perspectiva de xénero <http://edualter.org/>
Xarxa feminista <http://www.pangea.org/xarxafem/>
Estudios sobre a violencia de xénero: <http://www.observatorioviolencia.org>
Recursos didácticos e informativos: <http://www.miescuelayelmundo.org/>

Recursos para traballar os obxectivos do milenio:<http://cyberschoolbus.un.org/mdgs/spanish/index.html>
<http://www.mullerexpertas.info/>
http://www.soyempresaria.com/aplicacion/AF.php?accion=pag_blanca&clave_f=palcong&id_pagBla=8

5.- No ámbito educativo, trataríamos os tres tipos de contidos:

1. **Conceptos:** Discriminación directa e indirecta. Empoderamento das mulleres *Mainstreaming* Accións positivas. Prexuízos de xénero. Informe sobre o impacto de xénero.... Un breve repaso da situación social de desigualdade a través das palabras axeitadas axudan á súa análise, favorecendo tamén unha visión panorámica dos conceptos aos que nos referimos habitualmente ao tratar desta situación que nos afecta a todas e a todos.

Utilizamos unha lista dos termos máis cotiáns relacionados coas actitudes sexistas, tirados, por exemplo da guía Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria na administración pública, publicada polo Servizo Galego de Igualdade.

2. **Procedementos:** Trataríase de afianzar todos aqueles relacionados directamente co obxectivo de promover a igualdade, procurando que as alumnas adoitasen e interiorizaran procedementos tradicionalmente asociados aos rapaces: analizar dende a perspectiva de xénero, contrastar datos, puntos de vista, manexo de novas tecnoloxías, busca de información de fontes diversas, expoñer en público, etc.

3. **Actitudes, valores e normas:** Sensibilización coa discriminación, actitudes misóxinas, de violencia de xénero, etc. Procurar recoller esta perspectiva nos regulamentos de réxime interior.

“Só investindo en MULLERES se poderán conseguir os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio”

Kofi Anan. 2002

M^a Carmen Díaz Simón,
Orientadora do IES Lucus Augusti de Lugo.

Abril, 2006